

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

25 NOVEMBRO - 2023

Concello de Mugaros

Ser muller non pode condicionar a liberdade para poder vivir plenamente nunha sociedade civilizada, na que a pesar de selo, aínda está lexos de interiorizar que a igualdade efectiva de dereitos e principios fundamentais non pode depender de nacer home ou muller. A violencia de xénero foi e segue a ser unha das manifestacións máis claras da desigualdade e da subordinación nas relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

O cumprimento destes principios obriga a que non baste con que sexan respectados; deben estar garantidos sen fisuras cos medios legais e económicos precisos e coa defensa sen concesión por parte da sociedade, auténtica titular do poder nun sistema democrático, que debe esixir que isto sexa así.

Apoiamos a aplicación das Leis e normas ditadas a favor de acadar a igualdade plena e a protección das Vítimas da Violencia de Xénero e apoiamos o impulso de políticas activas en materia de Igualdade para que non haxa retroceso nos dereitos acadados ata agora.

Con motivo deste novo 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, dende o concello de Mugaros transversalmente e, en especial, dende a Concellería de Igualdade, manifestamos a nosa firme convicción de traballo e para erradicar calquera tipo de maltrato sobre as mulleres, os seus fillos e fillas e achegados e achegadas, vítimas todas do machismo, xa que o maltratador leva por medio a quen considere con tal de que ela sufra.

Ademais da violencia física, condeamos calquera outra forma de agresión machista:

psicolóxica ou emocional, sexual, económica, acoso, vexación... tanto no eido persoal como laboral e nas redes sociais.

Facemos un chamamento á responsabilidade de institucións e cidadanía na loita contra a Violencia de Xénero. Cómpre reflexión sincera por parte de todos e todas e acción conxunta.

Dende aquí hoxe queremos transmitir unha mensaxe de esperanza e forza para todas estas mulleres que están a sufrir a violencia machista e a calquera que sufra o maltrato de xénero. Lembrámoslles que non teñen porque toléralo baixo ningunha forma e que estamos ao seu carón para axudalas a saír.

A Corporación municipal do Concello de Mugardos quere mostrar a súa máis enérxica condena para esta lacra que non podemos deixar de perseguir con todos os medios ao noso alcalce. E da mesma forma, expresar a apoiar con todo o noso afecto ás vítimas.

Non estades soas.